

Volveron os abrazos

CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO · MEMORIA 2021

Cáritas
Diocesana de Lugo

Índice

04 Benvida do Director

07 Que é Cáritas Diocesana de Lugo?

10 Cáritas na Diocese

12 Agradecemento

14 Programas Diocesanos

42 Fondo “Sempre Xuntos”

44 Financiamento e Transparencia

48 Institucións Colaboradoras

49 Certificación Applus+

Edición:
Lingua galega.

BENVIDA DO DIRECTOR



Ante os seus ollos ten a memoria de Cáritas Diocesana de Lugo.

Como a palabra o di, a memoria é a lembranza. E o noso afán é compartir con vostedes o resultado do traballo que realizamos ao longo do ano 2021; os nosos proxectos, traballos e esforzos sempre realizados co desexo de servir aos nosos semellantes que se atopan en situación de desigualdade.

O ano 2021 foi un ano complicado, aínda arrastrando os efectos da crise socio-sanitaria e económica debida á pandemia da Covid 19. Unha crise que non foi igual para todos, os máis fráxiles viron como as súas condicións de vida empeoraban máis intensamente. E desafortunadamente, o camiño a percorrer será máis longo que para o resto. O impacto desta crise agravou as dificultades na vivenda, no emprego, na brecha educativa-dixital e os problemas de saúde das familias acompañadas por Cáritas.

Grazas á implicación e ao traballo levado a cabo polos voluntarios e técnicos que conforman o Equipo de Cáritas Diocesana de Lugo na nosa Diocese, polos párrocos e entidades relixiosas que traballan nos distintos territorios, e polos socios, doantes e colaboradores. Cáritas Diocesana de Lugo puido atender as necesidades das persoas máis vulnerables en todo os lugares do territorio diocesano.

O noso desexo nesta fermosa tarefa, reflicte o noso ser e do noso comportamento como cristiáns, é e será sempre seguir contando con todos vostedes, socios, doantes, voluntarios, empresas e entidades; conscientes de que todo o realizamos en nome de todos vostedes e facémolo con amor, entrega e gratitude.

Quen temos o privilexio de traballar en Cáritas, sentímonos obrigados a poñer todas as nosas capacidades ao servizo dos nosos semellantes máis vulnerables; sempre co espírito cristián e co afán supremo de servir e axudar.

A todos, con agradecemento e afecto, en nome da entidade, saúdavos.

Ginés F. Plaza Fernández,
Director de Cáritas Diocesana de Lugo.

Somos a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social de Lugo.

O servizo aos nosos irmáns máis vulnerables céntrase na acollida.

Nun acompañamento persoal desde a situación de cada un e no esforzo pola súa integración social.

Pero máis aló deste traballo tamén se desenvolven outras funcións propias da nosa identidade.



Coordinamos e promovemos a acción das Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas e promovemos a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.

Difundimos o espírito de caridade evanxélica e xustiza social, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.






Estudamos os problemas que provoca a pobreza na Diocese, investigar as súas causas e promover, animar e urxir solucións conformes á dignidade da persoa humana e ás esixencias da xustiza social.

Organizamos e potenciamos iniciativas, tanto privadas como públicas, a fin de atopar unha solución aos problemas das persoas vulnerables, e cooperar, na medida en que sexa posible e axeitado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.

Cáritas na Diocese

Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e parroquias onde levamos a cabo a nosa acción.



[1] LUGO

SERVIZOS XERAIS
Rúa da Cruz, 1, 27001, Lugo.

- **Centro de Servizos / Roupeiro**
  Avd. das Américas 93-97, 27004, Lugo.

CÁRITAS PARROQUIAIS

- **San Pedro**
  R/ Nova, 42.
- **San Antonio**
  R/ Tui, 39.
- **San Lorenzo de Albeiros**
  R/ Enebro, 11.
- **A Milagrosa**
  Praza da Milagrosa, s/n.
- **Santiago A Nova**
  R/ San Pedro, ao lado de correos.
- **San Francisco Javier**
  R/Roi Xordo, 6.
- **San Froilán**
  Praza do Ferrol, 14.
- **Sagrado Corazón**
  Polígono industrial do Sagrado Corazón, s/n.
- **San José As Gándaras**
  R/ San Xosé, s/n.
- **Buen Pastor**
  R/ Obiispo Ona de Echave, s/n.
- **San Lázaro del Puente**
  Rúa da Cruz, 1, (Servizos Xerais).

[2] CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE MONFORTE
R/ Costa da Pena, 2, 27400, Monforte de Lemos.

- **Ropero**
  R/ Chantada, 175, Baixo, 27400, Monforte de Lemos.

[3] CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SARRIA
Calvo Sotelo, 136, 27600, Sarria.(Edificio do antiguo ambulatorio).

[4] CÁRITAS PARROQUIAL DE RÁBADE
Avd. dos Remedios,3, 27370, Rábade.

[5] CÁRITAS PARROQUIAL DE MEIRA
Praza do Concello, 7, 27240, Meira.

[6] CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE NAVIA DE SUARNA-CERVANTES
Avd. de Galicia, 21, 2ª, Navia de Suarna.

[7] CÁRITAS PARROQUIAL DE SAN CLODIO E QUIROGA
Parroquia de San Martín de Abaixo, Apt correo,30, 27320, Quiroga.

[8] CÁRITAS PARROQUIAL DE CHANTADA
R/ Juan XXIII, 27, 27500, Chantada.

[9] CÁRITAS PARROQUIAL DE MONTERROSO
R/ Ramón Díaz,7, 27560,Monterroso.

[10] CÁRITAS PARROQUIAL DE ANTAS DE ULLA
Camino do Cura, s/n, 27570, Antas de Ulla.

[11] CÁRITAS PARROQUIAL DE MELIDE
R/Mateo Segade Bugueiro, 2,15800, Melide, A Coruña.

[12] CÁRITAS PARROQUIAL DE LALÍN
R/Z , S/N, 36500, Lalín, Pontevedra.

[13] CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SILLEDA
Rúa G, 3, bajo, 36520, Silleda, Pontevedra.

[14] CÁRITAS PARROQUIAL DE PUEBLA DE SAN JULIÁN
Benigno de Quiroga, 84, Puebla de San Julián, 27360.

[15] CÁRITAS PARROQUIAL DE O CORPIÑO
Santuario do Corpiño, Santa Eulalia de Losón, Lalín, 36512, Pontevedra.

[16] PARROQUIA DE SANTIAGO DE ARNEGO
Santa Baia, Rodeiro, 36537, Pontevedra.

[17] PARROQUIA DE FONSAGRADA
Obispado.

[18] PARROQUIA DE PALAS DE REI
Igrexa de San Tirso de Palas de Rei.

[19] PARROQUIA DE CASTRO VERDE
Iglesia Parroquial de Castroverde

[20] PARROQUIA DE O COUREL
Iglesia Parroquial de O Courel

[21] PARROQUIA DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO
Iglesia Parroquial de Pedrafita do Cebreiro

[22] PARROQUIA DE FRIOL
Iglesia Parroquial de Friol



A actuación de Cáritas Diocesana de Lugo non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres *que se empeñan en mellorar as condicións das persoas que peor o están pasando na nosa contorna, e desde aí comprometerse na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.*

Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e doantes*, quen día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade de traballo que aparece nesta memoria.*

Así como as ***institucións públicas e entidades privadas*** *que apoiaron a xestión e o traballo de Cáritas Diocesana de Lugo.*

Grazas *a todos:*

6.151
PERSOAS FORON DIRECTAMENTE ACOMPAÑADAS DURANTE O ANO 2021

15.857
PERSOAS BENEFICIÁRONSE INDIRECTAMENTE DOS SERVIZOS DE CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO

*En Cáritas Diocesana de Lugo temos unha serie de **programas de intervención social** que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social.*

16

Acollida

Acoller e escoitar a toda persoa e en unión con ela, atopar respostas ás necesidades urxentes e de índole diversa.

18

Familias en Desvantaxe

Mellorar o funcionamento persoal, familiar e social das familias en dificultades.

20

Emprego

Conseguir que todas as persoas poidan exercer o seu dereito a un emprego digno en igualdade de oportunidades.

22

Competencias Clave

Adquirir as competencias clave para o acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3.

24

Atención a Persoas con Discapacidade

Dar resposta ás necesidades de persoas con diversidade funcional.

26

Atención á Infancia

Favorecer o crecemento persoal e social de nenos promovendo a participación da infancia e as súas familias nos procesos socioeducativos.

26

Atención á Xuventude

Favorecer a inclusión social da mocidade en situación desfavorecida.

28

Intervención Educativa

Acompañar a nenos, adolescentes e adultos no seu proceso formativo.

30

Migrantes "Contade con Nós"

Favorecer a integración sociolaboral da poboación inmigrante a través dunha asistencia técnica especializada.

32

Migrantes "Participa con Nós"

Favorecer a participación social e inclusiva da poboación inmigrante, así como a convivencia intercultural.

34

Maiores "Vivir na Casa"

Facilitar a permanencia da persoa maior na súa casa poñendo á súa disposición os medios humanos e materias para isto.

36

Acollida a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual

Orientar, informar e asesorar ás mulleres en entornos de prostitución, sobre os servizos e recursos sociais á súa disposición.

38

Promoción da Saúde Integral das Mulleres

Fortalecer e apoiar a saúde integral das mulleres en situación de especial vulnerabilidade ou exclusión.

40

Formación do Voluntariado

Dotar de ferramentas ás persoas voluntarias que se queren involucrar na acción de Cáritas Diocesana de Lugo.

40


Sensibilización do Voluntariado

Concienciar e promocionar a acción do voluntariado nas diferentes áreas

O programa de **Acollida** é a porta de entrada a Cáritas, a todos os seus programas e servizos, e diríxese tanto a dar resposta inmediata, a través da súa rede de servizos de acollida e atención primaria ás necesidades máis urxentes das persoas en situación vulnerable, como ao acompañamento e promoción das persoas afectadas por situacións de exclusión, para que a través de procesos de capacitación, cheguen a ser axentes activos do seu propio desenvolvemento persoal.

Esta acción desenvolveuse con persoas en situación de risco nas catro provincias da comunidade autónoma de Galicia (Lugo, Meira, Chantada, Rabade, Monterroso, Antas de Ulla, Sarria, Monforte, Navia-Cervantes, Melide (A Coruña), Silleda-Lalin (Pontevedra), Parada de Sil (Terra de Caldelas-Ourense) e de San Xoan do Río (Terra de Trives-Ourense).

As demandas económicas centráronse en alimentación, vivenda, subministracións, material escolar e farmacia. Outras demandas foron: orientación laboral, formación asesoramento xurídico, roupa, etc. Para atender estas demandas, o programa de Acollida traballa en coordinación cos outros servizos de Cáritas, así como a administración pública e entidades do terceiro sector.







4.272

PERSOAS ACOMPAÑADAS
POLO **PROGRAMA DE ACOLLIDA**

Persoas acompañadas nos Servizos Xerais

Persoas acompañadas en Acollida Permanente	130
Persoas acompañadass en Acollida Puntual	318

Persoas acompañadas nas Cáritas parroquiais e interparroquiais


I. Monforte	590
I. Sarria	263
I. Silleda - Lalín	173
I. Melide	61
I. Navia Cervantes	3
P. Milagrosa	480
P. San Antonio	150
P. San Francisco	121
P. Nova	120
P. San Froilán	111
P. Sagrado Corazón	61
P. Albeiros	60
P. Meira	60
P.Chantada	57
P.Monterroso	41
P. San Pedro	35
P. Gándaras	28
P. Rábade	20
P.Antas de Ulla	19
P. Buen Pastor	10
Castro Caldelas	3
San Xoán do Río	1

38%
DAS PERSOAS
SON **MULLERES**

28%
DAS PERSOAS
SON **HOMES**

34%
DAS PERSOAS
SON **MENORES DE IDADE**

NACIONALIDADE DAS PERSOAS ACOMPAÑADAS






SERVIZO ROUPEIRO

Na actualidade existen tres roupeiros na diocese: Lugo, Monforte e Sarria.

Persoas que acudiron aos roupeiros diocesanos



Dende o interior da tempestade provocada pola pandemia da COVID-19, Cáritas Diocesana de Lugo seguiu traballando no límite das súas posibilidades e da súa capacidade para estar a caron das familias máis vulnerables.

Unha vez máis a crise non foi igual para todos, os máis fráxiles viron como máis rapidamente e máis intensamente as súas condicións de vida empeoraban, e na maioría dos casos afundíanse ao perder o emprego que realizaban, os exiguos ingresos que tiñan.

As dificultades na vivenda, na convivencia e nos coidados, o ensanchamento da brecha educativa e dixital e os problemas de saúde completan a mirada sobre o impacto que esta crise trouxo ás familias acompañadas polo programa Familias en Desvantaxe de Cáritas.

A través da intervención directa coas familias e da colaboración cos demais programas diocesanos, servizos sociais e outras entidades, establécense estratexias de carácter persoal e global que favorezan a integración das familias na vida activa da comunidade.

Entre as accións que realizamos atópanse a cobertura das necesidades máis básicas, axudas para material escolar, orientación familiar, realización de itinerarios personalizados de inserción coas familias, obradoiros en colaboración co COF Diocesano, apoio psicolóxico e a coordinación con outros servizos a fin de mellorar as condicións económicas, sociais, educativas e laborais das familias.

A familia non ten que ser perfecta, ten que estar unida.







85

FAMILIAS ACOMPAÑADAS POLO **PROGRAMA FAMILIAS EN DESVANTAXE**

213

MEMBROS DAS FAMILIAS ACOMPAÑADAS EN TODA A DIOCESE

Mulleres	88
Homes	57
Nenos	31
Nenas	37

Acceder ao mundo laboral favorece unha integración social completa.

A situación do mercado laboral actual e a súa competitividade dificulta enormemente o acceso a persoas que parten dunha situación complexa, como poden ser persoas chegadas doutros países, persoas que levan moito tempo desempregadas, persoas sen formación regrada, etc.

Achegarse a servizos onde informarse, recibir orientación e participar en actividades formativas nas que reciclarse profesionalmente é a vía para tornar esas dificultades en posibilidades.

O noso Programa de Emprego pon ao servizo das persoas que se atopan en procesos de procura de emprego unha serie de accións e/ou actividades encamiñadas a mellorar o seu nivel de empregabilidade, é dicir, mellorar as súas posibilidades de acceder e manter un emprego digno en igualdade de oportunidades.

As persoas en procura de emprego pariticipan en accións de Orientación, Formación e Intermediación laboral.

Acollida e Orientación Laboral

Primeira toma de contacto coas persoas onde poder definir e orientar os procesos de procura activa de emprego. Ademais, organizamos obradoiros co fin de mellorar as competencias dixitais dos participantes.

300

PERSOAS RECIBIRON ATENCIÓN
NO SERVIZO DE **ACOLLIDA E ORIENTACIÓN LABORAL**

194 MULLERES	**106** HOMES
164 EXTRACOMUNITARIAS	
120 ESPAÑOLAS	
16 COMUNITARIAS	

Formación Ocupacional

Ofrecemos accións formativas ocupacionais atendendo ás necesidades do mercado laboral e aos perfís dos nosos participantes.

7

ACCIÓNS FORMATIVAS
Operarios/as de Almacén e Carretilla Elevadora, Operarios de Limpeza (Sarria, Lugo, Melide e Monforte) e Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes.

62

PERSOAS PARTICIPARON
EN **ACCIÓNS FORMATIVAS**

Intermediación Laboral

Favorecemos o encontro entre os que buscan emprego e aqueles que ofrecen un posto de traballo.
Somos **Axencia de Colocación** autorizada polo Servicio Público de Emprego.

83

PERSOAS PARTICIPARON
NO SERVIZO DE **INTERMEDIACIÓN LABORAL**





ENTORNO AO
25%
DAS PERSOAS ACOMPAÑADAS FORMALIZARON UN CONTRATO LABORAL NALGÚN MOMENTO DO SEU PROCESO DE INSERCIÓN LABORAL



En Cáritas consideramos **a formación como un elemento fundamental para mellorar a empregabilidade** das persoas que se achegan a nós, por ese motivo, vinculado ao Programa de Emprego contamos co Programa de Adquisición das Competencias Clave.

Este programa pon ao servizo das persoas sen formación regrada homologada, recursos para a preparación das probas de competencias clave.

A través destas probas, os participantes no proxecto poderán demostrar que posúen os coñecementos previos necesarios para poder participar en accións formativas de **Certificado de Profesionalidade de nivel 2 e 3**.

Coa obtención destes certificados poderán mellorar as súas cualificacións profesionais e polo tanto, as súas posibilidades de atopar un posto de traballo ou mellorar a súa situación laboral actual.





Proporcionamos clases de apoio presenciais e virtuais, material educativo e unha plataforma de formación para a preparación dos exames. Ademais acompañamos aos alumnos aos exames que cada ano convoca a Consellería de Emprego e Igualdade.

47 PERSOAS ACOMPAÑADAS NO PROGRAMA DE **ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**



79% de mulleres.
83% de fóra de España.
85% con formación regrada (ESO, Bachillerato, FP ou universitarios), non homologada.
Só un 15% non teñen ningún tipo de formación previa.

24 ALUMNOS PRESENTÁRONSE ÓS EXAMES

75%
DE APROBADOS





Cremos nas potencialidades das persoas.

No programa Atención a Persoas con Discapacidade atendemos ás necesidades que as persoas con diversidade funcional expoñen, tentando conseguir unha promoción integral, co seu pleno desenvolvemento persoal e social, mellorando a súa autonomía e a súa calidade de vida.

Dende este programa proporciónase unha **acollida, orientación e atención individualizada**.

As persoas participantes son axudadas nas súas **necesidades básicas** e invitadas a participar nunha variedade de **actividades grupais** como talleres formativos, charlas de apoio psicolóxico ou excursións.

Ademais realizamos **visitas** aos propios domicilios e acompáñase ás persoas que están en situación de soidade.

24 PERSOAS ACOMPAÑADAS NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DURANTE O ANO 2021

19 mulleres

4 homes

1 neno

79% das persoas acompañadas son mulleres.

A mocidade toma a palabra.





Nos programas de Atención á Infancia e Atención á Xuventude promovemos a mellora da calidade de vida dos cativos e mozos, mediante o desenvolvemento educativo e a través de accións que favorezan a súa inclusión social, animando e implicando á colaboración entre pais e educadores.

Ademais fomentamos a integración dos nenos e mozos con actividades formativas como o "Obradoiro de Empatía cos Maiores" e de lecer, como as celebracións de Nadal ou os campamentos de verán:
- Campamento Urbano XXVII.
- Campamento Multiaventura.

Outro aspecto moi importante destes programas é a sensibilización sobre os dereitos da infancia e mocidade en risco de exclusión social, realizando campañas educativas propias e sumándonos a campañas que se celebran en datas sinaladas cada ano.

A loita pola xustiza social comeza polos máis pequenos.



121

NENOS E NENAS PARTICIPARON EN ACTIVIDADES OU CAMPAÑA EDUCATIVA DO **PROGRAMA ATENCIÓN Á INFANCIA**

64

MOZOS E MOZAS PARTICIPARON EN ACTIVIDADES OU CAMPAÑA EDUCATIVA DO **PROGRAMA ATENCIÓN Á XUVENTUDE**

55%

DOS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DOS PROGRAMAS SON MULLERES

60%

DOS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DOS PROGRAMAS TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA



A educación determina as oportunidades que as persoas terán na súa vida.

Para dar resposta ás necesidades educativas daqueles estudantes en idade escolar, realizando algún tipo de estudo ou con dificultades específicas de aprendizaxe, poñemos ao seu servizo o programa Intervención Educativa.

Mediante clases de **apoio escolar**, a elaboración de recursos educativos e sesións de orientación para a intervención dos pais no proceso educativo dos seus fillos, ademais do traballo con institucións públicas e privadas, conseguimos que os alumnos non queden en desvantaxe e superen con éxito o curso formativo.

A persoas adultas que carecen de estudos ou teñen dificultades co idioma, poden participar nas clases de apoio escolar e de **alfabetización**.


63

PERSOAS ACOMPAÑADAS NO **PROGRAMA INTERVENCIÓN EDUCATIVA** EN LUGO E MONFORTE DE LEMOS

11	EDUCACIÓN INFANTIL
21	EDUCACIÓN PRIMARIA
13	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
2	BACHARELATO
16	ALFABETIZACIÓN



A aprendizaxe é un tesouro que segue ao seu propietario durante toda a vida.



En Cáritas recoñecemos a liberdade que todas as persoas teñen de abandonar o seu lugar de orixe, sobre todo, cando se produce por causas humanitarias en busca de mellorar ou preservar a vida.


Non somos alleos á realidade que teñen que afrontar as persoas que acaban de chegar ao noso país, tanto socialmente como xuridicamente.

No programa Migrantes, Contade con Nós proporcionamos un **servizo técnico destinado á orientación xurídica e asistencia técnica** ós inmigrantes máis vulnerables que chegan á nosa diocese.

Ofrecemos apoio en materias que requiren unha asesoría especializada: estranxería, dereito familiar, violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos, obtención da nacionalidade,etc. realizando a xestión xurídica e documental que sexa oportuna.

Tamén facemos unha labor divulgativa, dando a coñecer os aspectos máis importantes da lei de Estranxería e os seus dereitos, que os teñen.

Ningunha persoa é ilegal.



579 PERSOAS ACOMPAÑADAS POLO SERVIZO DE ATENCIÓN XURÍDICA E TÉCNICA DO PROGRAMA **MIGRANTES, CONTADE CON NÓS**

279 MULLERES | **200** HOMES











A adaptación ao país de acollida é un proceso longo cheo de dificultades. Para facilitar a integración do colectivo inmigrante e que se converta nun participante activo da nosa sociedade, puxemos en marcha o programa Participa con Nós:

- Apoiando ás persoas ante situacións de emerxencia na chegada, traballando desde unha intervención individual ou familiar nas distintas fases de adaptación e asentamento.
- Organizando diferentes formacións inclusivas grupais como obradoiro de Cultura e Lingua Española para a obtención da nacionalidade, Iniciación á Lingua Española, Cociña Española, Informática, etc. ou actividades como a saída cultural á Ribeira Sacra e sesións informativas en Melide, Lalín e Verín.
- Implicando á sociedade de acollida mediante accións de sensibilización respecto á convivencia intercultural.

293

PERSOAS PARTICIPARON NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA **PARTICIPA CON NÓS**

137 MULLERES

106 HOMES

32 NENAS

18 NENOS



Estamos á beira de quen se atopa só e necesita apoio.

Cáritas quere contribuír tanto no ámbito da reflexión como da acción, a que a sociedade en conxunto afronte de maneira especial a situación que están a vivir as persoas maiores.

A insuficiencia de ingresos económicos, a ineficiencia do sistema de atención á dependencia ou o distanciamento do propio ambiente social e da familia, desencadean na marxinación dos maiores. O que provoca un enorme sufrimento polo abandono, a soidade e o illamento.



Dende fai máis de corenta anos, o programa Maiores "Vivir na Casa" vén atendendo aos vellos para que poidan manterse nas súas casas nas mellores condicións posibles, tentando paliar esa soidade e illamento que padecen. Dando prioridade aos máis desfavorecidos e vulnerables por causas económicas, territoriais, de dependencia, así como pola carencia de familia ou as dificultades desta para prestarlles os coidados necesarios.

Con este programa tentamos proporcionarlles unha cobertura das necesidades básicas, acompañalas tanto no domicilio como fóra del, facilitarlles o acceso a atención médica especializada e realizar actividades relacionais (obradoiro de ximnasia, manualidades, excursións, etc.) que favorezan o contacto con outras persoas e en xeral, melloren a súa calidade de vida.






Coidar de quen nos coidou.



75 PERSOAS ACOMPAÑADAS NO PROGRAMA **MAIORES,**

71% DOS MAIORES ACOMPAÑADOS NO PROGRAMA **SON MULLERES**



Di NON á Violencia, di NON á Trata!

No programa de **Acollida a Mulleres Vítimas de Violencia, Trata ou Explotación** tratamos de visibilizar e denunciar a situación de violencia vivida pola muller na nosa sociedade e en especial aquelas mulleres que se atopan en contextos de prostitución, vítimas de abusos, trata e explotación sexual, todo iso desde unha perspectiva de promoción dos dereitos humanos.

Somos conscientes de que estas mulleres viven realidades de múltiples discriminacións e é fundamental **dar unha resposta integral ás súas necesidades, desde distintos ámbitos (social, psicolóxico e xurídico),** seguindo un proceso adaptado ás características individuais de cada unha, de cara á recuperación integral das súas vidas.

Pero o traballo realizado vai máis aló da intervención directa coas persoas, apostando tamén por un labor de coñecemento da realidade, fomentando o intercambio de información con outras institucións públicas ou privadas e a sensibilización da sociedade.

OBRADOIROS REALIZADOS:

- Autoestima.
- Comunicación Asertiva.
- Cineforum.
- Expresión Corporal.
- Violencia de Xénero.
- Xestión Emocional.
- Educación Sexual.

160
MULLERES ACOMPAÑADAS NO PROGRAMA **ACOLLIDA A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA, TRATA OU EXPLOTACIÓN**

79%
DAS MULLERES DE NACIONALIDADE NON ESPAÑOLA



A pesar dos avances en materia de igualdade dos últimos anos, seguen existindo numerosas diferenzas entre ambos xéneros, traducíndose en desigualdades económicas, sociais, culturais…que poñen de manifesto a situación de desvantaxe na que se atopan, converténdoas na cara máis visible da pobreza.

Todo iso dificulta o desenvolvemento das súas habilidades persoais e sociais, afectando enormemente á súa saúde, tanto física como anímica e mental, de aí a necesidade dun programa coma o de **Promoción da Saúde Integral das Mulleres** que traballa en potenciar e promover o seu benestar.

En base a iso, durante o ano 2021 realizáronse obradoiros, co obxectivo común de formar ás mulleres sobre o seu autocoidado e benestar, fomentando as súas capacidades, permitindo que cada participante tomase conciencia sobre a súa propia saúde e como mellorala a través da adquisición de novos estilos de vida saudables.

Quererse a unha mesma é revolucionario.









5
OBRADOIROS PARA A **PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAL DAS MULLERES**

- Camiñando Xuntas.
- Ciclo de cinema sobre a violencia de xénero.
- Desenvolvemento persoal e autocoidado.
- Hábitos para un estilo de vida saudable, en Verín, Flariz, Melide e Lalín.
- Ximnasia de mantemento.

57
MULLERES ACOMPAÑADAS POLO PROGRAMA **PROMOCIÓN DA SAÚDE INTEGRAL DAS MULLERES**

53%
DAS MULLERES DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA

Hai moito por facer, moitos ámbitos nos que as persoas poden colaborar. Nese senso ofrecemos aos nosos voluntarios a formación necesaria non só para o desempeño das tarefas, senón tamén toda aquela que lles axude a entender a organización, ao seu crecemento persoal, a afondar no seu compromiso a través da fe e a vivir activamente a misión de Cáritas.

A través dunha comunicación continua, reunións de equipo cos voluntarios, coas Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, cos coordinadores dos programas e a organización de xornadas formativas; dende o programa de Formación do Voluntariado, dotamos aos voluntarios dos coñecementos e das ferramentas necesarias para levar a cabo as súas funcións.

Ademais para dar a coñecer a labor que realizan as persoas voluntarias, realizamos accións en centros educativos e participamos da Rede Lucense de Voluntariado na organización de campañas que destaquen a figura do voluntario.

Cremos importante a tarefa de sensibilizar á sociedade sobre as realidades que viven as persoas próximas a nós, os nosos veciños e veciñas. Coas campañas de sensibilización do programa de Sensibilización do Voluntariado mostramos o reflexo dos problemas reais, transmitimos que a necesidade pode estar en calquera lugar e que todos, nun determinado momento, podemos necesitar axuda. Estas campañas son moi importantes para mostrar esta realidade, así como promocionar a acción do voluntariado.

Para poder levar a cabo a nosa misión, necesitamos contar cos voluntarios e voluntarias.





401

VOLUNTARIOS PARTICIPARON NAS **CÁRITAS PARROQUIAIS, INTERPARROQUIAIS E PROGRAMAS DIOCESANOS**

SEMPRE XUNTOS

A crise sanitaria provocada polo virus Covid 19 e o noso compromiso cristián coas persoas máis fráxiles e vulnerables deu como resultado na nosa Diocese a iniciativa Sempre Xuntos, cuxo obxectivo era axudar ás persoas enfermas que estivesen máis soas e necesitadas nas nosas parroquias.

Sabemos que, na nova situación na que nos atopamos, as necesidades están a crecer, debido á crise económica e social xerada pola pandemia, afectando á vida cotiá de persoas e familias. Por iso, pareceunos corresponder á vontade inicial dos doantes ampliar agora os obxectivos aos que está destinado o **Fondo "Sempre Xuntos"**, converténdoo nun "fondo diocesano" máis permanente, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.

Actividades

- Acollida e acompañamento.
- Análise de cada situación.
- Axudas destinadas a:
  - Servizo de Axuda a Domicilio.
  - Vivenda.
  - Débedas Adquiridas.
- Reunións da comisión.

O Fondo "Sempre Xuntos" ten como obxectivo apoiar ás familias das parroquias que debido á situación do COVID 19 viron agravada a súa situación.

20 FAMILIAS RECIBIRON AXUDA A TRAVÉS DO **FONDO "SEMPRE XUNTOS"**




57 PERSOAS COMPOÑEN AS FAMILIAS AXUDADAS

28 DAS PERSOAS AXUDADAS FORON MULLERES

14 DAS PERSOAS AXUDADAS FORON HOMES

15 DAS PERSOAS AXUDADAS ERAN MENORES DE IDADE



NACIONALIDADE DAS PERSOAS ACOMPAÑADAS

FINANCIAMENTO E TRANSPARENCIA

Cáritas Diocesana de Lugo ten, os valores que guían a súa xestión, son a austeridade e a transparencia, fortalecendo así a relación de confianza de tantas persoas e entidades no noso traballo.

Grazas ao financiamento público e privado investimos **1.731.179,10 €** nos diferentes programas que funcionan ao longo da diocese. Estas cifras mostran o compromiso da comunidade cristiá e da sociedade coas persoas en situación de exclusión.

FONDOS PÚBLICOS

Administracións Locais	30.000 €	1,73 %
Administración Autonómica	771.793,56 €	44,58 %
Administración Estatal	55.607,65 €	3,21 %
Unión Europea	51.225,64 €	2,95 %
TOTAL	908.626,85 €	52,49 %

FONDOS PRIVADOS


Socios	62.012 €	3,6%
Doantes	225.523,33 €	13,02%
Institucións	160.202,89 €	9,25%
Donativos en Especie	9.443,55 €	0,54%
Legados	12.072,91€	0,7%
Ingresos por Dividendos	387,07 €	0,02%
Ingresos por Venda de Accións	2.703,58 €	0,15%
Fondos Propios da Entidade	350.206,92€	20,22%
TOTAL	822.552,25 €	47,51 %

RECURSOS INVESTIDOS NAS PERSOAS

PERSOAL: 872.485,86 €
AXUDAS ENTREGADAS: 494.940,87 €

AXUDAS DIRECTAS ENTREGADAS ÁS PERSOAS

Vivenda	213.665,44 €
Alimentos	145.908,17 €
Subministracións	52.176,14 €
Axuda Atención no Domicilio	35.565,92 €
Axudas de Formación	23.33,19 €
Atención Sanitaria	6.840,83 €
Material Escolar	6.840,83 €
Axuda Transporte	5.438 €
Axudas Varias	2.533,53 €
Axudas Débedas	1.696 €
Documentación	899,82 €
TOTAL	494.940,87 €



ACTIVIDADES COAS PERSOAS

CURSOS, TALLERES E ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPARON PERSOAS ATENDIDAS NOS PROGRAMAS DIOCESANOS

TOTAL	62.470,69 €


TRABALLADORES E VOLUNTARIOS

PERSOAL TÉCNICO E VOLUNTARIO QUE DIARIAMENTE LEVAN A CABO A ACCIÓN DE CÁRITAS


29	401
TRABALLADORES/AS	VOLUNTARIOS/AS

RECURSOS INVESTIDOS NOS PROGRAMAS

TOTAL RECURSOS INVESTIDOS: 1.731.179,10€



GASTOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN



INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO 9001 de Applus+.

Cáritas
Diocesana de Lugo

@CaritasLugo

facebook.com/caritas.lugo

caritas_lugo

www.caritaslugo.es

Servizos Xerais
Cáritas Diocesana de Lugo
Rúa da Cruz, 1 - A, 2700, Lugo..
982 24 20 09

Centro de Servizos/Roupeiro
Avda. de las Américas, 93-97, 27004, Lugo..